



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 31 DE AGOSTO DO 2023.

Sesión 13/2023-P

<p><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></p> <p><u>PRESIDENTE</u></p> <p>D. Óscar Benito Portela Fernández (SM)</p> <p><u>CONCELLEIROS</u></p> <p>Grupo Sadamaioría (SM)</p> <p>D^a Rebeca Mouriño Neira D. Marcos Villar López D^a María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D^a Patricia Martínez Abruñedo D. Ricardo Berrocal Fariña</p> <p>Grupo Unidos por Sada (UPSA)</p> <p>D^a María Nogareda Marzoa D^a María Soraya Salorio Porral D. Sergio García López D. Bregán Blanco González</p> <p>Grupo Partido Popular de Sada (PP)</p> <p>D^a Esperanza María Arias Ferreiro D. Fernando España López (Chano) D^a María Isabel Val Armesto D. Aurelio Lonja Tajés (Lito)</p> <p>Grupo Mixto (GM)</p> <p>D^a. Almudena Pena Álvarez («PSOE, independente») D. Emilio Graña Mosquera («BNG»)</p> <p><u>SECRETARIA</u></p> <p>D^a María del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día xoves 31 de agosto do 2023, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria do Pleno prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte</p>
---	--

ORDE DO DÍA:

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todos e a todas a este Pleno ordinario do mes de agosto do 2023 do Concello de Sada.

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS (SESIÓNS NÚMS. 09, 10, 11 E 12/2013).

Pola Presidencia pregúntaselles aos membros da Corporación se teñen que formular algunha observación ás actas das sesións núms. 9/2023 do 17 de xuño, 10/2023 do 26 de xuño, 11/2023 do 11 de xullo e a 12/2023 do 27 de xullo; non habendo intervencións, quedan aprobadas as ditas actas, ordenando a transcripción das ditas actas ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.



2º.- FESTAS LOCAIS PARA O ANO 2024.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de agosto do 2023, que recolle:

«Único.- *Propoñer para incluír no calendario laboral do ano 2024 como as datas de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o termo municipal de Sada as seguintes: o martes 13 de febreiro (martes de Entroido) e o venres 16 de agosto (festividade de san Roque).*».

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

Único.- *Propoñer para incluír no calendario laboral do ano 2024 como as datas de festa local de carácter retribuído e non recuperable para o termo municipal de Sada as seguintes: o martes 13 de febreiro (martes de Entroido) e o venres 16 de agosto (festividade de san Roque).*

3º.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de agosto do 2023, que recolle:

«Primeiro.- *Aprobar inicialmente as modificacións dos seguintes postos de traballo:*

- *posto de traballo denominado psicólogo, código 040001, modificar os apartados “funcións” e “características e funcións mais destacables” da ficha, quedando redactados como segue:*

Funcións Información e orientación psicolóxica. Preparación e xestión, coordinación e análise de actividades e programa sobre drogodependencias, infancia e xuventude, atención individualizada e grupal. Información mediante entrevistas, conferencias, charlas e coloquios. Características e funcións mais destacables

- *Prevenición e orientación familiar.*
- *Seguimento dos programas terapéuticos.*
- *Avaliación de concorrencia ou non de posibles trastornos psicolóxicos e capacidade de toma de decisión e de posibles secuencias psicolóxicas.*
- *Elaboración de informes, da dinámica familiar e social do afectado, programas de intervención individual/ou familiar dos usuarios.*
- *Coordinación e dirección técnica dos Programa de Prevenición do Concello.*

- *posto de traballo denominado operario, código 100008, que pasa a denominarse código 100012 denominado: Operario. Reservado para persoal laboral, Grupo V/E de clasificación.*

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións, suxestións e alegacións. Transcorrido o dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se presentaran reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a presente modificación deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas, que deberá publicarse integramente o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Interveñen a sra. M^a Pilar Taibo Fernández (SM), o sr Emilio Graña Mosquera (BNG), a sra. Almudena Pena Álvarez (PSOE independente) e a sr. María Nogareda Marzoa (UPSA) indicando o sentido da súa votación.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 3 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

A sra. María Soraya Salorio Porral (UPSA) tivo que ausentarse momentaneamente (das 20:03 a 20:06) coincidindo que estaba ausente no momento da votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros



presentes o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Aprobar inicialmente as modificacións dos seguintes postos de traballo:

- **posto de traballo denominado psicólogo, código 040001**, modificar os apartados “funcións” e “características e funcións mais destacables” da ficha, quedando redactados como segue:

Funcións Información e orientación psicolóxica. Preparación e xestión, coordinación e análise de actividades e programa sobre drogodependencias, infancia e xuventude, atención individualizada e grupal. Información mediante entrevistas, conferencias, charlas e coloquios. Características e funcións mais destacables

- Prevención e orientación familiar.

- Seguimento dos programas terapéuticos.

- Avaliación de concorrencia ou non de posibles trastornos psicolóxicos e capacidade de toma de decisión e de posibles secuencias psicolóxicas.

- Elaboración de informes, da dinámica familiar e social do afectado, programas de intervención individual/ou familiar dos usuarios.

- Coordinación e dirección técnica dos Programa de Prevención do Concello.

- **posto de traballo denominado operario, código 100008**, que pasa a denominarse código 100012 denominado: Operario. Reservado para persoal laboral, Grupo V/E de clasificación.

Segundo.- Someter o expediente a información pública por prazo de vinte días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións, suxestións e alegacións. Transcorrido o dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se presentaran reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a presente modificación deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas, que deberá publicarse integramente o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia e remitir copia aos órganos competentes da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

4º.- MODIFICACIÓN DO CADRO E DO ANEXO DE PERSOAL: ADAPTACIÓN Á MODIFICACIÓN DA RPT 2023/E004/000002.

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de agosto do 2023, que recolle:

«1º.-Aprobar a modificación do cadro de persoal, quedando redactada como segue:

A) Persoal Funcionario:

Denominación	Grupo/ Subgrupo de Clasificación	Escala	Subescala	Clase	Núm. prazas	Vacantes
Secretario	A/A1	Habilitación Nacional	Secretaría	--	1	
Interventor	A/A1	“	Intervención Tesourería	--	1	
Técnico de Administración n Xeral	A/A1	Administración Xeral	Técnica	--	2	
Administrativo	C/C1	“	Administrativa	--	5	1
Auxiliar Administrativo	C/C2	“	Auxiliar	--	19	7



Ordenanza	E/ Agrupacións profesionais	“	Subalterna	--	1	1
Técnico Tesoureiro	A/A1	Administración Especial	Técnica	Superior	1	
Técnico Xestión de Administración Xeral	A/A2	Administración Xeral	Técnica	Media	1	
Arquitecto	A/A1	Administración Especial	Técnica	Superior	1	
Arquitecto Técnico	A/A2	“	Técnica	Media	1	
Enxeñeiro Técnico Agrónomo	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Delineante	C/C1	“	Técnica	Auxiliar	1	
Técnico local de emprego- aedl	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Técnico de orientación laboral	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Director/a Casa Cultura	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Bibliotecario	A/A2	“	Técnica	Media	1	
Auxiliar de Biblioteca	C/C2	“	Técnica	Técnicos auxiliares	1	1
Técnico en Animación Sociocultural	B	“	Técnica	Media	1	1
Coordinador/ a de actividades xovenís	C/C2	“	Técnica	Técnicos auxiliares	1	1
Técnico de Deportes	B	“	Técnica	Media	1	1
Psicólogo/a	A/A1	“	Técnica	Superior	1	1
Traballador/a Social	A/A2	“	Técnica	Media	4	2
Educador/a Social	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Inspector-xefe Policía	A/A2	“	Servizos Especiais	Policía Local	1	1
2ª actividade policía/oficial	C/C1	“	Servizos Especiais	Policía Local	1	1
Oficial Policía	C/C1	“	Servizos Especiais	Policía Local	2	0
Policía	C/C1	“	Servizos Especiais	Policía Local	16	3



Auxiliar Policía	C/C2	“	Servizos Especiais	Policía Local	1	
Total prazas persoal funcionario:					70	26

B) Persoal Laboral fixo:

Denominación	Grupo asimilado por Convenio Colectivo	Núm. de postos	Vacantes	Observacións
Enxeñeiro Técnico	II	1		
Técnico Protección Civil	II	1		
Operario do Servizo de Emerxencias	V	8	1	
Coordinador de formación ocupacional	II	1	1	
Adxunto coordinador de formación ocupacional	III	1		
Ordenanza	V	2		
Conserxe	V	3	2	
Auxiliar de Biblioteca	IV	1		
Animador Socio-cultural	III	1		
Animador Tempo Libre	IV	1	1	
Encargado de Obras e Servizos	IV	1	1	
Albanel	IV	2		
Socorristas	V	11	11	Fixo descontinuo
Operario electricista	V	1		
Operario	V	3		
Operario	V	1	1	
Operario de cultura e deportes	V	1	1	
Operario do servizo de saneamento	V	2		
Operario almacenista	V	1	1	
Operario tractorista	V	2	1	
Operario sepultureiro	V	1	1	
Traballador Familiar	V	2	1	
Vixilante do Feirón	V	1		Tempo parcial
Auxiliar técnico de Turismo	IV	1		
Total prazas persoal laboral:		50	23	---

C) Persoal Eventual:

Denominación	Núm. Postos	Observacións
Secretario particular Alcaldía	1	Xornada a tempo parcial
Totais persoal eventual	1	

2º.- Modificar a aplicación orzamentaria referida ao posto de traballo nos orzamentos do ano 2022 prorrogados para o 2023, quedando no referido a este posto como segue:

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo nv Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



APLICACION ORZAMENTARIA ACTUAL (2023)

BRIGADA SERVICIOS															
POSTO	Soldo	Trienios	Dist. Trienios	P.Extra Soldo	P.Extra Trienios	P.Extra CD	Total P.Extra	R. BÁSICAS	C.Destino	CE Mes Dec 2022	Específico 2023	R. COMPLEMENTARIAS	EGS+CMF	Seg Social	TOTAL GASTO
PERSONAL FUNCIONARIO	12065														
100010 OPERARIO (E-14)															
Vacante	7646,68	0,00		1274,28	0,00	708,71	1982,90	9628,66	4252,21	522,08	7491,05	11744,05	21372,71	7266,72	28639,43

APLICACIÓN ORZAMENTARIA

PROPOSTA (2023)

BRIGADA SERVICIOS															
POSTO	Soldo	Trienios	Dist. Trienios	P.Extra Soldo	P.Extra Trienios	P.Extra CD	Total P.Extra	R. BÁSICAS	C.Destino	CE Mes Dec 2022	Específico 2023	R. COMPLEMENTARIAS	EGS+CMF	Seg Social	TOTAL GASTO
PERSONAL LABORAL FIJO								13000,00				13002			
100012 OPERARIO (E-14)															
Vacante	7646,68			1274,28	0,00	708,71	1982,90	9628,66	4252,21	522,08	7491,05	11744,05	21372,71	7266,72	28639,43

3.º.—Expoñer ao público a modificación por prazo de quince días hábiles. Transcorrido o dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se plantexaran reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a presente modificación deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas, que deberá publicarse integramente o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia».

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (7 SM, 4 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

1º.-Aprobar a modificación do cadro de persoal, quedando redactada como segue:

A) Persoal Funcionario:

Denominación	Grupo/Subgrupo de Clasificación	Escala	Subescala	Clase	Núm. prazas	Vacantes
Secretario	A/A1	Habilitación Nacional	Secretaría	--	1	
Interventor	A/A1	“	Intervención Tesourería	--	1	
Técnico de Administración Xeral	A/A1	Administración Xeral	Técnica	--	2	
Administrativo	C/C1	“	Administrativa	--	5	1
Auxiliar Administrativo	C/C2	“	Auxiliar	--	19	7
Ordenanza	E/Agrupacións profesionais	“	Subalterna	--	1	1



	s					
Técnico Tesoureiro	A/A1	Administración Especial	Técnica	Superior	1	
Técnico Xestión de Administración Xeral	A/A2	Administración Xeral	Técnica	Media	1	
Arquitecto	A/A1	Administración Especial	Técnica	Superior	1	
Arquitecto Técnico	A/A2	“	Técnica	Media	1	
Enxeñeiro Técnico Agrónomo	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Delineante	C/C1	“	Técnica	Auxiliar	1	
Técnico local de emprego-aedl	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Técnico de orientación laboral	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Director/a Casa Cultura	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Bibliotecario	A/A2	“	Técnica	Media	1	
Auxiliar de Biblioteca	C/C2	“	Técnica	Técnicos auxiliares	1	1
Técnico en Animación Sociocultural	B	“	Técnica	Media	1	1
Coordinador/a de actividades xuvenís	C/C2	“	Técnica	Técnicos auxiliares	1	1
Técnico de Deportes	B	“	Técnica	Media	1	1
Psicólogo/a	A/A1	“	Técnica	Superior	1	1
Traballador/a Social	A/A2	“	Técnica	Media	4	2
Educador/a Social	A/A2	“	Técnica	Media	1	1
Inspector-xefe Policía	A/A2	“	Servizos Especiais	Policía Local	1	1
2ª actividade policía/oficial	C/C1	“	Servizos Especiais	Policía Local	1	1
Oficial	C/C1	“	Servizos	Policía	2	0



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000013

Policía			Especiais	Local		
Policía	C/C1	“	Servizos Especiais	Policía Local	16	3
Auxiliar Policía	C/C2	“	Servizos Especiais	Policía Local	1	
Total prazas persoal funcionario:					70	26

B) Persoal Laboral fixo:

Denominación	Grupo asimilado por Convenio Colectivo	Núm. de postos	Vacantes	Observacións
Enxeñeiro Técnico	II	1		
Técnico Protección Civil	II	1		
Operario do Servizo de Emerxencias	V	8	1	
Coordinador de formación ocupacional	II	1	1	
Adxunto coordinador de formación ocupacional	III	1		
Ordenanza	V	2		
Conserxe	V	3	2	
Auxiliar de Biblioteca	IV	1		
Animador Socio-cultural	III	1		
Animador Tempo Libre	IV	1	1	
Encargado de Obras e Servizos	IV	1	1	
Albanel	IV	2		
Socorristas	V	11	11	Fixo discontinuo
Operario electricista	V	1		
Operario	V	3		
Operario	V	1	1	
Operario de cultura e deportes	V	1	1	
Operario do servizo de saneamento	V	2		
Operario almacenista	V	1	1	
Operario tractorista	V	2	1	
Operario sepultureiro	V	1	1	
Traballador Familiar	V	2	1	
Vixilante do Feirón	V	1		Tempo parcial
Auxiliar técnico de Turismo	IV	1		
Total prazas persoal laboral:		50	23	---

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo nv Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



C) Persoal Eventual:

Denominación	Núm. Postos	Observacións
Secretario particular Alcaldía	1	Xornada a tempo parcial
Totais persoal eventual	1	

2º.- Modificar a aplicación orzamentaria referida ao posto de traballo nos orzamentos do ano 2022 prorrogados para o 2023, quedando no referido a este posto como segue:

APLICACION ORZAMENTARIA ACTUAL (2023)

BRIGADA SERVICIOS															
POSTO	Soldo	Trienios	DM. Trienios	P.Extra Soldo	P.Extra Trienios	P.Extra CD	Total P.Extra	R.BÁSICAS	C.Destino	CE Mes Dec 2022	Especifico 2023	R.COMPLEMENTARIAS	BAS+COMP	Seg Social	TOTAL GASTO
PERSONAL FUNCIONARIO	12005														
100008 OPERARIO (E-14)															
Vacante	7645,68	0,00		1274,28	0,00	708,71	1992,98	9628,66	4252,21	522,08	7491,85	11744,05	21372,71	7266,72	28638,43

APLICACIÓN ORZAMENTARIA PROPOSTA (2023)

BRIGADA SERVICIOS															
POSTO	Soldo	Trienios	DM. Trienios	P.Extra Soldo	P.Extra Trienios	P.Extra CD	Total P.Extra	R.BÁSICAS	C.Destino	CE Mes Dec 2022	Especifico 2023	R.COMPLEMENTARIAS	BAS+COMP	Seg Social	TOTAL GASTO
PERSONAL LABORAL FIJO								13000,00				13002			
100012 OPERARIO (E-14)															
Vacante	7645,68			1274,28	0,00	708,71	1992,98	9628,66	4252,21	522,08	7491,85	11744,05	21372,71	7266,72	28638,43

3.º.- Expoñer ao público a **modificación** por prazo de quince días hábiles. Transcorrido o dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se plantexaran reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a presente modificación deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas, que deberá publicarse integramente o anuncio correspondente no Boletín Oficial da Provincia.

5º.- INFORME PREVIO Á INNECESARIEDADE TERREO "LA TERRAZA"

Consta no expediente o ditame favorable da Comisión Informativa Xeral do 21 de agosto do 2023, que recolle:

«Primeiro.- Aos efectos do artigo 18 da Lei 22/1988 de Costas, informar favorablemente o expediente de declaración de innecesariedade do dominio público marítimo terrestre da superficie duns 808 m², que está tramitándose polo Ministerio para a Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico, Dirección General de la Costa y del Mar, Demarcación de Costas en Galicia.

Segundo.- Aprobar o compromiso de que en caso de producirse a desafectación e cesión dos terreos ao Concello, estes adicaranse a un uso público da súa competencia, conforme ao establecido na Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e demais normativa concordante aplicable ás entidades locais.

Terceiro.- Aceptar e tomar coñecemento da situación rexistral da parcela afectada obxecto da desafectación, conforme á certificación rexistral de 08/03/2023, aos efectos establecidos no apartado 2 do artigo 136 da Lei 33/2003.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á Demarcación de Costas en Galicia, Dirección General de la Costa y del Mar, Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico».

Interven en o sr. Villar López (SM) poñendo en antecedentes ó pleno sobre o asunto a debater. A continuación, intervén o sr. Graña Mosquera (BNG) manifestando o seu acordo co exposto polo sr. Villar López (SM).

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo nv Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Intervén despois a sra. Pena Álvarez (PSOE-independente) manifestando a falta de expedientes técnicos do Concello sobre o asunto, e preguntando sobre o que vai facer o Concello sobre o terreo da “Terraza”. A continuación intervén a sra. Arias Ferreiro (PP), destacando a importancia da falta de expedientes e de información sobre o asunto, preguntando sobre a situación xudicial sobre a concesión, sobre a folia de ruta sobre a desafección e sobre o destino do edificio, e destaca a súa petición na Comisión informativa de non levar o asunto ó pleno hasta ter máis información, concordando co dito pola sra. Álvarez Pena (PSOE-independente). A continuación, intervén a sra. Nogareda Marzoa, concordando coas intervencións da sra. Pena Álvarez (PSOE-independente) e da sra. Arias Ferreiro (PP), destacando que se lle deu dende Costas de Galicia traslado que de que ata que se resolvese a situación xudicial non iba a haber máis trámites no asunto referido. A continuación, prodúcese un debate entre o sr. Alcalde, a sra. Pena Álvarez (PSOE-independente) e a sra. Arias Ferreiro (PP), no que intervén tamén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), propoñendo a sra. Pena Álvarez (PSOE-independente) deixar o asunto sobre a mesa.

A continuación procédese á votación de deixar o asunto sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE-independente).
- Votos en contra: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por maioría absoluta que o asunto quedase sobre a mesa.

A continuación introdúcese o seguinte punto na orde do día pola vía da urxencia.

6º.- PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2023:

O sr. Alcalde procede a xustificar a urxencia do asunto dicindo que había unha proposta do 20 de xullo de 2023 para traer o plan estratéxico de subvencións e a raíz dos informes elaborados pola secretaria do concello e o interventor realizáronse modificacións para traer a este pleno.

A continuación, procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 8 (7 SM e 1 GM-BNG).
- Votos en contra: 9 (4 UPSA, 4 PP e 1 GM-PSOE-independente).
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando a urxencia non aprobada por maioría simple e non entrando á debater o punto.

Interveñen a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE-independente) comentando o informe desfavorable de secretaria, e a necesidade da aprobación do plan pero cos informes técnicos necesarios. Intervén a continuación a sra. Arias Ferreiro (PP) pedindo máis información sobre o punto de urxencia. Intervén tamén a sra. Nogareda Marzoa (UPSA) concordando co dito polas sras. Pena Álvarez (GM-PSOE-independente) e a sra. Arias Ferreiro (PP). Intervén tamén o sr. Alcalde dicindo que o plan non se cambio desde o ano do 2022 salvo a liña de orquestras anteriormente financiadas pola deputación, e incluíndose CULTULMAR. Despois, interveñen a sra. Álvarez Pena (GM-PSOE-independente), a sra. Arias Ferreiro (PP) e a sra. Nogareda Marzoa (UPSA), rematando as intervencións o sr. Alcalde.

7º.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN.

A. Decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende o 21 de xullo do 2023 (núm. 1429) ata o 25 de agosto do 2023 (núm. 1645).

Para os efectos previstos no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, dáse conta ao Pleno da Corporación das Resolucións e dos Decretos ditados pola Alcaldía dende o día



21 de xullo (núm. 1429, do expediente 2023/G003/001338) ata o 25 de agosto do 2023 (núm. 1645, do expediente 2023/G003/001723), que foron postos de manifesto á secretaria da Corporación.

B. Mocións.

Única.- Moción relativa a necesidade de introducir correccións na incoación da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

O sr. Graña Mosquera (GM) xustifica a urxencia da moción, presentada polo grupo mixto, que a continuación se reproduce literalmente:

«D. EMILIO GRAÑA MOSQUERA, concelleiro do Grupo Municipal Mixto PSdeG-PSOE-BNG do Concello de Sada, ao abeiro do artigo 64.1 do ROM presenta para a súa consideración no Pleno a seguinte MOCIÓN relativa a necesidade de introducir correccións na incoación da declaración BIC do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após a súa recente reapertura, despois de varios anos pechado ao público, o Museo Carlos Maside voltou ser nova informativa ao publicar o DOG do pasado 11 de agosto a resolución de incoación para declarar BIC o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña).

Unha boa nova que chega para dar resposta, trece anos despois, a un acordo unánime do Parlamento galego, e a acordos e solicitudes do propio Concello de Sada. O de 28 de Marzo do 2019 acordouse neste pleno municipal o que cito textualmente:

“1º.- Instar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura a que remate o expediente para a súa inmediata resolución polo Consello da Xunta da declaración como ben de interese cultural do conxunto das Cerámicas do Castro.-

2º.- Instar á Xunta de Galicia cantas accións sexan necesarias para conveniar cos propietarios a posta en marcha do Museo Carlos Maside, sen excluír a súa incorporación ao patrimonio público como garantía da súa correcta conservación e disfrute público.-“

A isto sumarlle continuadas reclamacións de colectivos sociais e culturais, ademais de institucións como o Consello da Cultura Galega, por causa do deterioro progresivo do edificio e da consecuente afectación á colección museística única que nel se conserva.

O proceso de degradación deste museo era amplamente coñecido, tanto como o silencio desactivador do actual propietario maioritario connivente co do goberno da Xunta. Un desleixo que comprometeu a memoria da vangarda artística galega, recuperada da memoria do exilio, como proxecto cultural senlleiro xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo.

A presión social persistente de máis dunha década termando da memoria viva do legado destes dous referentes galegos conseguiu que por fin se abra o camiño da protección e conservación deste museo entendido como un todo imbricado entre o continente e o contido.

Mais a boa nova, recibida con satisfacción, de inmediato fixo acordar algúns interrogantes unha vez analizada a propia resolución da incoación do expediente BIC, que afectan á columna vertebral deste proxecto museográfico que alumeou o nacemento do museo do museo, concibido por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo en plena ditadura coa finalidade de tender unha ponte, a través das vangardas artísticas, coa Galicia anterior á Guerra Civil.

Así o manifestou, por exemplo, a Asociación Irmáns Suárez Picallo, a respecto do cambio de nome orixinal do museo que recolle a resolución ou do carácter incompleto do propio BIC ao non incluír o conxunto da Cerámica do Castro do mesmo xeito que se fixo cando se procedeu á declaración BIC de Sargadelos.

Por todo isto, PROPOÑEMOS AO PLENO MUNICIPAL OS SEGUINTE ACORDOS:

1º.- Que o Concello de Sada, se persoe no expediente da incoación da declaración BIC, SOLICITANDO que se respete o nome orixinal do Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada (A Coruña) e que se inclúa o conxunto da Cerámica do Castro anexa ao museo, en consonancia coa declaración BIC da Fábrica de Cerámica de Sargadelos de Cervo (Lugo).

2º.-Que o Concello de Sada solicite e suxira que sexa o Laboratorio de Formas parte activa responsábel da xestión do Museo, como substrato e raíz histórica que é do amplo proxecto de industria cultural ao que deron vida Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo para recuperar a memoria, a tradición e a cultura popular galega».

Deseguido procédese á votación da urxencia, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 16 (7 SM, 3 UPSA, 4 PP e 2 GM).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobada a urxencia por unanimidade dos asistentes.

A continuación procédese á lectura da moción polo Sr. Graña e manifesta que vai incorporar no seguinte parágrafo unha referencia a Fernández Albalat:



“O proceso de degradación deste museo era amplamente coñecido, tanto como o silencio desactivador do actual propietario maioritario connivente co do goberno da Xunta. Un desleixo que comprometeu a memoria da vangarda artística galega, recuperada da memoria do exilio, como proxecto cultural senlleiro xestado por dous referentes imprescindíbeis como Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo. A construción foi obra do arquitecto que ten moitas obras en Sada, Fernández Albalat”.

Séguese a debater a moción, intervindo a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE-independente), a sra. Arias Ferreiro (PP), a sra. Nogareda Marzoa(UPSA), o sr. García López (UPSA), o sr. Fariña Andrade (SM), o sr. España López (PP) e o sr. Alcalde.

Introdúcese unha emenda a sra Álvarez Pena (GM-PSOE-independente) na moción, aceptada polo sr. Graña Mosquera (GM-BNG), referida á parte dispositiva da moción, que pide quede redactada como segue:

“ Que o concello de Sada se persone no expediente de incoación de declaración BIC, solicitando que se inclúa o conxunto da cerámica do castro anexo museo en consonancia coa declaración do BIC da fábrica cerámica de Sargadelos de Cervo”.

A continuación, procédese á votación da moción, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 9 (7 SM, e 2 GM).
- Votos en contra: 4 (4 PP).
- Abstencións: 4 (UPSA)

Resultando aprobado por maioría absoluta o seguinte **ACORDO**:

Único.- Que o concello de Sada se persone no expediente de incoación de declaración BIC, solicitando que se inclúa o conxunto da cerámica do castro anexo museo en consonancia coa declaración do BIC da fábrica cerámica de Sargadelos de Cervo.

C. Rogos e preguntas.

Polo Grupo Mixto, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG), fai tres rogos :

1º.- Vinculado co plan estratéxico de subvencións, querendo engadir recursos dentro das liñas de subvencións, botando en falta o uso de galego e fomento do uso do galego e na educación ambiental.

2º.- Servizos públicos situados diante do hotel en mal estado despois das festas do verán.

3º.- Que se solicite a Xunta solucións sobre o problema para os bañistas coas zonas de embarcacións nas praias de Carnoedo.

A sra. Pena Álvarez (GM-PSDeG-PSOE) fai un rogo

1º.- Que se inicie a planificación da feira modernista con máis tempo vistas as dificultades da feira do ano 2023.

A sra. Arias Ferreiro (PP) formula as seguintes preguntas:

1ª.- Pregunta sobre a posibilidade de que veciños, hostaleiros e comerciantes teñan unha programación sobre a organización das festas.

Responde o sr. Villar López (SM) que os veciños coñecen as festas organizadas do concello e que a coincidencia de festas coinciden con festas organizadas polas comisións ou coas asociacións de veciños.

Matiza a pregunta a sra. Arias Ferreiro (PP) manifestado a posibilidade de crear unha comisión para fomentar a promoción económica con festas coma as do Samaín, San Valentín, para que se poidan organizar.

Responde o sr. Barrocal Fariña (SM) que se convocarán aos hostaleiros e comerciantes para tratar campañas do Samaín, ou adiantar a planificación das festas do Nadal.



1º.- O sr. Lonja Tales (PP) comenta as queixas dos veciños do vertido de augas fecais polo mal estado das bombas, concretamente a de Souto-Riobao e pregunta sobre o tema

Responde o sr. Fariña Andrade (SM) dicindo que falou das situacións de bombeo con técnicos de VIAQUA para establecer un proxecto de renovación.

Responde tamén o Sr. Alcalde que dende que goberna cambiou pozos de bombeo.

2ª.- Continúa a sra. Arias Ferreiro (PP) preguntando cando se prevé que se limpe unha finca entre os edificios de Párroco Villanueva e a Barrosa.

Responde o sr. Fariña Andrade (SM) sobre a complexidade de proceder á limpeza. Intervén tamén o sr. Alcalde sobre a problemática de identificar ós propietarios.

3ª.- A sra. Arias Ferreiro (PP) pregunta sobre a problemática da aparicións de xabarís, e as liñas a seguir dende o concello

Responde o sr. Fariña Andrade (SM) que esa competencia corresponde á Xunta, intervindo tamén o sr. Alcalde.

O rogo da sra. Arias Ferreiro (PP) corresponde a que o equipo de goberno de prioridade á seguridade cidadá

Na súa quenda, o sr Blanco González (UPSA) formula varias preguntas:

1ª.- Pregunta a sra. Mouriño Neira (SM) sobre como está a optimizar o persoal da piscina municipal e se houbo algunha modificación nas labores do persoal.

Responde a sra. Mouriño Neira (SM) que si que houbo modificacións e que pode consultar o expediente.

2ª.- Pregunta tamén á sra. Mouriño Neira (SM) se a remuneración segue sendo a mesma coas modificacións que se fixeron, pertencendo a unha categoría inferior á anterior,

Responde a sra. Mouriño Neira (SM) que seguen sendo as mesmas

3ª.- Pregunta como se vai desenvolver a escola de natación.

Responde a sra. Mouriño Neira que van ser cursos de natación e salvamento e que agora é unha xestión municipal.

O sr. Graña Mosquera (GM-BNG) formula varias preguntas :

1ª.- Pregunta sobre cando van poder cobrar as subvencións a xente das asociacións.

Responde o sr. Alcalde que depende da liña que sexa, proximamente neste mes ás que quedaron do ano pasado, e que as pendentes de resolver tardarán máis.

2ª.- Na mesma liña, o sr. Graña Mosquera (GM-BNG) pregunta se non se vai demorar o cobro o feito deste ano.

Responde o sr. Alcalde que as pendentes do ano 2022 está aprobado e non se van a demorar.

Formula un rogo na liña das preguntas sobre a présa do cobro destas subvencións.

A continuación, a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE-independente) formula varias preguntas:

1ª.- Pregunta se dispón o concello de banderolas, carteis ou casetas da praia da anterior feira modernista.

Responde o sr. Villar López (SM) que dispón de algunhas banderolas, matizando que o material é alugado.

2ª.- Pregunta sobre as casetas da praia de Fortiñón , se se usa por unha empresa privada ou pertence ó concello.

Responde o sr. Villar López (SM) que descoñece das casetas das que pregunta a sra. Pena Álvarez (GM-PSOE-independente).



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

CONCELLO DE SADA

exp. 2023/G010/000013

3º.- Pregunta ó sr. Fariña Andrade (SM) se coñece as casetas da anterior pregunta.

Responde que tamén descoñece ás casetas.

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 21 horas e 46 minutos do día xoves 31 de agosto do 2023, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente esta acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unido o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html.